

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE OUTUBRO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 14 de outubro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Dado que individualmente posúe a solvencia (económica e técnica) esixida no PCAP (a través da clasificación J-2-3) deberá aclarar se a súa intención é recorrer ao terceiro (GRUPO MARIÑO MATO) a través da subcontratación ou para basearse na súa solvencia e medios, aínda que neste contrato non sería necesario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta que a cláusula 41 do PCAP non fixa tarefas críticas que non poidan ser obxecto de licitación, no suposto de que a súa intención sexa subcontratar parte da obra co terceiro, non é necesario que achegue máis documentación, polo que de non presentar documentación dentro do prazo concedido entenderase que concorre a esta licitación individualmente.

No suposto de que a súa intención sexa concorrer a esta licitación coa solvencia dun terceiro deberá presentar novamente o DEUC de GRUPO MARIÑO MATO e o anexo III do PCAP asinados dixitalmente polo representante desta empresa (José Mariño Mato) e non polo representante de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma interior e ampliación do centro municipal de servizos sociais praza da Princesa, nº 7" (597-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo ao licitador presentado para emendar a documentación do Sobre A.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 6 de outubro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
- UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 8 de outubro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda propoñer a exclusión de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e acondicionamento do entorno do Torreiro de Santo André de Valadares (O Adro)" (884-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	94,79
2	NAROM, S.L.	92,66

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade” (704-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade” (704-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA - BEADE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo o de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 28.206,32 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.71 (“Human. Rúa Costa da Gándara”)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que a documentación presentada xustifique os mesmos conforme o informe de 12 de xullo de 2021 da Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,46
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	85,78
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,88
4	AVAN INTEGRAL S.L.	82,49
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,87
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado no primeiro lugar o 19 de xullo de 2021, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., que presenta a documentación requirida o 28 de xullo.

Logo da presentación da referida documentación detectouse un erro na oferta presentada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por este licitador ao non coincidir os prezos con e sen IVE. A oferta presentada é a seguinte:

"3.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de 100.414,51 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 6.772,23 euros o que supón un prezo total do contrato de 134.315,82 euros".

Segundo a doutrina dos tribunais de recursos contractuais (entre outras, Resolución nº 352/2017 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid) "A valoración do prezo como criterio de adxudicación dun contrato suxeito á Lei de contratos del sector público debe facerse sen tomar en consideración o imposto sobre o valor engadido que recae sobre el".

En consecuencia, o prezo a ter en conta na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. é 100.414,51 euros (sen IVE) e 121.501,56 euros (co 21% de IVE), en lugar de 134.315,82 euros (IVE incluído) como se plasmou na acta da Mesa de Contratación da sesión do 21 de xuño de 2021 na que se trasladou o prezo con IVE erróneo sinalado polo licitador na súa proposición, arrastrándose este erro na oferta ata os informes de cálculo de valores anormais como de valoración do sobre C de datas 12 de xuño e 12 de xullo de 2021, respectivamente, que valoraron a oferta sobre un importe erróneo (111.004,81 euros) que se obtivo deducindo ao prezo con IVE indicado polo licitador na súa oferta o tipo impositivo do IVE aplicable a este contrato.

En base ao anterior, a Mesa de Contratación acordou na sesión do 12 de agosto de 2021, proceder ao exame para a corrección do erro indicado nas actuacións posteriores á apertura económica.

Na sesión do 2 de setembro de 2021 a Mesa aceptou o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 17 de agosto de 2021, así como o que completa o anterior de data 1 de setembro de 2021, no que se indica que o único erro detectado no informe dando conta de baixas con valores anormais de data 21 de xuño de 2021 radica na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. e se constata que a oferta de ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. non contén valores anormais pero a oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. si.

Ao abeiro do previsto na citada resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019 e, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP), a Mesa acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Excluir deste procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.	90,04
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,81
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	83,44
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,30
5	AVAN INTEGRAL S.L.	79,77
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	61,24

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. (B-36.805.679), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., o día 16 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder ao licitador un prazo de tres días para que puidese acreditar a solvencia técnica e financeira de conformidade co esixido na cláusula 8.4.4º do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido, o 11 de outubro de 2021, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. presenta nova documentación, sendo esta correcta, polo que a Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2021 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de xuño e 8 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón das exclusión de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de setembro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. (B-36.805.679) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441) por un prezo total de 124.630,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.630,00 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.320.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 24/06/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 402.644,63 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.60 (Peatonalización Praza Elíptica), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	2,320,000.00 €
TOTAL	2,320,000.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado o 21 de setembro de 2021 pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,25
2	ORECO, S.A.U.	96,06
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,83
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,97
5	UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,15

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 9 e 21 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado o 21 de setembro de 2021 pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.
2. Adjudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441) por un prezo total de 2.041.832,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 354.367,54 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:33	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA84E-C9D833-BB2446-Q1E1LV-KCWKY2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		